

I FESTA CASTREXA 2022 CONCELLO DA BAÑA

Bases do Concurso de clans castrexos

O Concello da Baña organiza o 21 de maio de 2022 o Concurso de clans castrexos, que se rexerá polas seguintes bases:

- I. As persoas participantes deberán acudir disfrazadas. Deberán vestirse acorde á temática proposta (casaca e pantalón de liño; capas con pel; calzas de coiro con calcetíns de la...); ademais de levar un estandarte en representación do seu clan.
- II. As persoas participantes deberán anotarse como data máxima o 18 de maio. O formulario de inscrición pode presentarse telemáticamente a través da sede electrónica do Concello da Baña ou presencialmente no Rexistro Xeral.
- III. As persoas participantes menores de idade achegarán unha autorización de participación asinada pola nai, pai ou titor/a legal.
- IV. O concurso celebrarase o sábado 21 maio, no lugar do Castro (A Baña).
- V. As persoas participantes deberán de adxudicar un nome para o grupo que deberá constar no momento da inscrición.
- VI. Non haberá desfile, pero un dos compoñentes do grupo deberá ter o dorsal visible que se deberá poñer no estandarte que represente o seu clan.
- VII. As persoas participantes deberán permanecer na festa castrexa un mínimo de 1 hora, (12.00 h – 13.00 h) / (16.00 h – 17.00 h) para que o xurado poida realizar a valoración. No caso de ausencia nese período de tempo, débesele comunicar á organización.
- VIII. Outorgaranse premios polas seguintes categorías:

CATEGORÍAS	PREMIO
Mellor caracterizado	200€
Mais numeroso	Cea (máximo 200 €)
Mais diverso	200€

- IX. A categoría de mellor caracterizado debe estar composto por un mínimo de 2 persoas para poder participar e representarán un mesmo motivo. Deben vestirse acorde á temática proposta.

- X. A categoría de máis numeroso debe estar composto por un mínimo de 9 persoas vestidas coa temática da festa. A cea será consumida no mesmo día (máx. 200€) e a organización indicará o posto escollido para tal fin dentro do recinto da festa castrexa.
- XI. A categoría de mais diverso debe estar composto por un mínimo de 8 persoas, as cales deben ser diversas en idade (avós e netos...).
- XII. As persoas participantes poderán presentarse a distintas categorías, o cal deberá estar recollido no momento da inscrición.
- XIII. A selección das persoas gañadoras realizarase por proposta dun xurado alleo ao Concello da Baña.
- XIV. A decisión do xurado é inapelable.
- XV. O Concello da Baña resérvase o dereito para a captación e difusión de imaxes do concurso para fins de publicidade e promoción en prensa, na páxina web e redes sociais municipais. A utilización das imaxes e vídeos estará suxeita exclusivamente a un uso informativo, nunca comercial.
- XVI. A participación no concurso supón a aceptación destas bases.
- XVII. O Concello da Baña reserva o dereito a modificar as ditas bases, sempre que sexa estritamente necesario.